

ANO 2018-19. CONCRECIÓNS PARA O PLAN DE CONVIVENCIA.

No Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece á abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia e quen as aplica, estas están refundidas no seguinte cadro.

MEDIDAS.	Persoas competentes para aplicarlas.			
	Docente	Titor	Xefe estudos	Dirección
Medidas correctoras.				
Amonestación privada ou por escrito.	si	si	si	si
Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.	si	si	si	si
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	si	si	si	si
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contibúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.	non	si	si	si
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.	non	non	si	si
Cambio de grupo por un período de ata unha semana	non	non	si	si
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante a suspensión o alumnado realizará deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	non	non	non	si
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante este tempo o alumnado realizará deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	non	non	non	si

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN.

Non se poden imponer outras medidas correctoras que non estén encadradas no artigo 43 do decreto citado e son as que aparecen no cadro anterior.

As condutas contrarias a convivencia prescriben **nun mes**. O computo do prazo comezará a contar desde o día que a conduta se levou a cabo, cando se trate dunha conduta continuada. Nese caso o prazo de prescrición non empezará a computarse mentras esta non cese.

No artigo 26 do decreto, sinala que podese utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

Tanto coas medidas contrarias a convivencia como en caso de mediación se requiren resolución expresa por escrito que deberá ser comunicada a familia e á comisión de convivencia do centro. O afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión das medidas. Neste caso a dirección emitirá una nova resolución coa maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas. Esta resolución pon fin ao procedemento e é inmediatamente executiva.

O resto de medidas non son de resolución expresa, pero si as condutas leves contrarias á convivencia son reiteradas e se queren determinar como falta grave, haberá que facelo constar por escrito e comunícalo á persoa afectada ou os seus responsables.

CONDUTAS GRAVES PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

Condutas gravemente prexudiciais a convivencia, están reguladas no artigo 38 do decreto e son as seguintes:

1. As agresión físicas ou psíquicas, as incurias e as ofensas graves, as ameazas e as coacción contra os demais membros da comunidade educativa
2. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración de de servizos que constitúan unha indisciplina grave
4. A grabación, manipulación ou difusión de imaxes ou información que atente contra o dereito á honra, a dignidade da persoa e a intimidade persoal e familiar e apropiación imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
5. As actuacións que constitúan acoso escolar (artigo 28 da Lei 4/2011).
6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración o subtracción de documentos académicos.
7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións ou materiais, así como a súa subtracción.
8. Os actos incustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa ou a incitación a elas
10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde.
11. A reiteración, nun mesmo curso, de condutas leves contrarias á convivencia
12. O incumprimento das sancións impostas.

O profesorado do centro elaborará un documento que constate os feiros e estas condutas prescriben aos catro meses da súa comisión.

Medidas correctoras de acordó co artigo 39 do decreto:

- Realización, dentro e fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre súas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistir a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Realizando deberes ou traballos
- Cambio de centro.

COMPROMISO DE CONVIVENCIA.

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, se poderá suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se o alumno correxido ou os seu proxenitores ou representantes legais asinan un compromiso educativo para a convivencia regulado no artigo 55 do decreto

No compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada o compromiso do alumno ou persoas proxenitoras ou representantes legais as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas que se comprometen a levar a cabo. Debe constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte do alumno/a, ou das persoas proxenitoras ou representantes legais deste determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

Asd: M^a Estrella Monelos Muñiz

Directora do CEIP Sanjurjo de Carricarte.